

ANEXO II - ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

DOCUMENTO INFORMATIVO CURSO 2024 – 2025

A **Escola Infantil Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa** ten como obxectivo que a poboación de nenos/as destas idades poidan ser acollidos, coidados e educados nun contexto de calidade, que responda ás súas necesidades, que se respecten os seus dereitos, medren seguros e integrados na súa comunidade e que sexan axudados a desenvolver todas as súas capacidades. Polo tanto, é finalidade da escola infantil desenvolver a atención educativa e asistencial para os nenos e nenas de 0 a 3 anos de idade.

Na actualidade a Escola Infantil Municipal é de titularidade do Concello de Vilagarcía de Arousa e xestionada pola entidade Bonecos Vilagarcia S.L con nº de Rexistro Entidades Prestadoras de Servizos Sociais E-5844.

Para o curso 2024/2025 as solicitudes corresponden aos seguintes grupos de idade:

GRUPO 0-1: menores nados no ano 2024

GRUPO 1-2: menores nados no ano 2023

GRUPO 2-3: menores nados no ano 2022

1. OBXECTIVOS

- a. Promover, fomentar e contribuír ao desenvolvemento físico, intelectual, afectivo e social dos/as nenos/as.
- b. Servir de medida de apoio á unidade de convivencia e facilitar, polo tanto, a conciliación da vida familiar e laboral.

2. CALENDARIO E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO- CURSO ESCOLAR 2024/2025

a) O curso escolar iniciárase o 9 de setembro 2024 de acordo co estipulado na convocatoria de solicitude de praza e rematará o 29 de agosto.

b) O horario de apertura será de luns a venres de 07:30 h. da mañá ata as 20:00 h. da tarde. Non obstante, o centro abrirá durante un mínimo de oito horas diarias, podendo variar os horarios de apertura e peche ao público en función da demanda existente e da necesaria conciliación da vida persoal, familiar e laboral.



c) Os nenos e nenas deberán gozar dun mes enteiro de **VACACIÓNS**, a non ser que circunstancias suficientemente xustificadas o impidan, sendo a familia a que ten que asumir o coste económico que lle corresponda da cota correspondente a dito mes, non sendo asumida a cota do mes de vacacións pola orde de gratuidade da atención educativa da Xunta de Galicia.

Non obstante o anterior, poderase solicitar o reparto as vacacións en dúas quincenas acreditado pola familia e gozarse entre o 1 de setembro 2024 e o 31 de agosto de 2025. A solicitude debe realizarse por rexistro de entrada no concello antes do 30 de xaneiro de 2025. De non realizarse a solicitude asignarase o mes de Agosto por defecto como mes de descanso. Se o período vacacional fora solicitado en datas anteriores ao 30 de xaneiro, deben ser comunicada polo mesmo cauce 15 días hábiles previos ao seu disfrute.

3. TIPOS DE XORNADAS

a) **Xornada completa**, coas seguintes modalidades:

- Continua: o/a neno/a permanece na escola ata o máximo de 8 horas de xeito continuado.
- Partida: ata o máximo de 8 horas. O tempo de permanencia na escola, con carácter xeral, non poderá ser inferior a 3 horas tanto na xornada de mañá como na xornada de tarde.
- Por quendas: aquela na que por motivos persoais ou laborais dos proxenitores ou representantes legais debidamente acreditados, o neno/a asiste semanas alternas en horarios distintos.

b) **Media xornada**: as medias xornadas serán como mínimo de 3 horas e como máximo de 4 horas.

c) O tempo máximo de permanencia na escola será de 8 horas, agás casos excepcionais debidamente xustificados os cales incrementarán mensualmente o importe a pagar na contía que se estipule en cada momento, sendo asumido dito custe pola familia.

d) Os horarios e xornadas deberán estar indicados na instancia de solicitudes e deben ser estables o longo de o curso escolar. Soamente poderán ser modificado con causa xustificade e debidamente acreditada.

A modificación das quendas deben ser solicitadas por rexistro de entrada no concello. Se a modificación de horario quere realizarse para o seguinte mes do curso, as solicitudes de cambio deben ser presentadas antes do día 15 do mes en vigor; se ditas solicitudes son



presentadas posteriormente, entre o 16 e o 30/31 do mes en curso, a modificación será efectiva a partir do día 15 do mes seguinte.

4. SOLICITUDE DE PRAZA PARA A CURSO ESCOLAR 2024/2025:

a) Renovacións

O prazo de presentación das solicitudes ábrese do día 1 ao 15 de Marzo de 2024, ambos incluídos.

As persoas interesadas poden descargar e cubrir o *formulario 03003* na sede electrónica do Concello (sede.vilagarcia.gal) no apartado "*Formularios de solicitude*" e presentala a través de instancia xeral por sede electrónica do Concello ou presencialmente no Rexistro Xeral xunto coa documentación complementaria que se indica.

- Se **non existen cambios dentro da unidade familiar** respecto ao curso anterior.

En función de cada caso deberá aportar coa solicitude de renovación de praza:

- Título de familia numerosa. Fotocopia do Título de Familia numerosa, no seu caso.
- Certificado de recoñecemento do grao de discapacidade alegado polos membros da unidade familiar.
- Certificado médico no caso de enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar.
- Informe sobre a necesidade de integración no caso de nenas/os con necesidades de apoio específico.
- Certificado de discapacidade ou do grao de dependencia de calquera dos membros que formen parte da unidade familiar.
- Informe sobre a necesidade de integración no caso de nenas/os con necesidades de apoio específico.
- Xustificante de ter familiares dependentes, con enfermidade ou discapacidade ao seu coidado, con data anterior á apertura do prazo de solicitudes.
- Documento acreditativo de situación de violencia de xénero.
- Declaración do IRPF, en caso de non te autorizada consulta, ou Certificación de ingresos emitido pola Axencia Tributaria.
- Certificado acreditativo da condición de deportista de alto nivel ou alto rendemento deportivo, ou a condición de persoa adestradora, técnica, xuíz/a ou arbitro/a de alto nivel deportivo recoñecido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificado de empadramento e convivencia da nena ou neno que solicite a praza.
- Certificado de acollemento ou garda da nena ou neno para quen se solicita a praza.
- Aquela outra documentación que poida ser requirida polo Centro de Servizos Sociais en función da necesidade de acreditación da situación sociofamiliar e económica.



- Certificado de empresa que acredite, en caso de ausencia do fogar familiar de ambxs xs dous proxenitores, o desenvolvemento da ocupación laboral incompatible coa residencia na vivenda familiar.
- Documento que acredite de xeito legal o permiso de convivencia e coidados da nena ou neno, ausencia do fogar familiar de ambxs xs dous proxenitores , con outra persoa adulta responsable.
- De **existir modificacións dentro da unidade familiar** respecto ao curso anterior, aportarase toda a documentación solicitada no apartado de **“Novo ingreso”**.

b) Novo ingreso

O prazo de presentación das solicitudes ábrese do día 20 de Marzo ao 15 de Abril de 2024, ambos incluídos.

As persoas interesadas poden descargar e cubrir o *formulario 03003* na sede electrónica do Concello (sede.vilagarcia.gal) no apartado " *Formularios de solicitude* " e presentala a través de instancia xeral por sede electrónica do Concello ou presencialmente no Rexistro Xeral xunto coa seguinte documentación:

- Anexo I relativo a la comprobación de datos de la persoa conxugue, parella ou outros membros da unidade familiar
- Copia do DNI da Nai, Pai ou, se é o caso, representantes legais.
- Copia do libro de familia ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- Fotocopia do Título de familia numerosa, de selo caso.
- Xustificante de ocupación ou desemprego de cada proxenitor/a ou representante legal. Aquelas persoas que estean en activo, deberán achegar a última nómina de salario ou informe de vida laboral. Se están en situación de desemprego aportarán informe dos períodos de inscrición como demandante de emprego, expedido pola Oficina de Emprego.
- Certificado de recoñecemento do grao de discapacidade y /o dependencia da nena ou neno que solicita a praza, de selo caso
- Certificado de recoñecemento do grao de discapacidade y /o dependencia alegado polos membros da unidade familiar, de selo caso
- Certificado médico no caso de enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar, de selo caso.
- Informe sobre a necesidade de integración no caso de nenas/os con necesidades de apoio específico, de selo caso.



- Certificado acreditativo da condición de deportista de alto nivel ou alto rendemento deportivo, ou a condición de persoa adestradora, técnica, xuíz/a ou arbitro/a de alto nivel deportivo recoñecido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificado de empadramento e convivencia da nena ou neno que solicite a praza.
- Certificado de acollemento ou garda da nena ou neno para quen se solicita a praza.
- Documento acreditativo da situación de familia monoparental/monomarental: certificado de monoparentalidade/monomarentalidade ou, de selo caso, fotocopia do libro de familia ou certificado de defunción.
- Se é o caso, sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador ou resolución xudicial que estableza as medidas paterno-filiais.
- Certificado de empresa que acredite, en caso de ausencia do fogar familiar de ambxs xs dous proxenitores, o desenvolvemento da ocupación laboral incompatible coa residencia na vivenda familiar.
- Documento que acredite de xeito legal o permiso de convivencia e coidados da nena ou neno, ausencia do fogar familiar de ambxs xs dous proxenitores, con outra persoa adulta responsable.
- Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, de selo caso.
- Declaración do IRPF, en caso de non te autorizada consulta, ou Certificación de ingresos emitido pola Axencia tributaria no caso de que a declaración do IRPF correspondente sexa "0" ou non teñan obriga de presentala,.
- Documentos xustificativos da variación de ingresos (mínimo 20% en cómputo anual respecto do ano correspondente).
- Aquela outra documentación que poida ser requirida polo Centro de Servizos Sociais en función da necesidade de acreditación da situación sociofamiliar e económica.

*A falta de presentación de algún dos documentos solicitados dentro do prazo de presentación de solicitudes e emenda suporá a non valoración, no correspondente epígrafe de baremo, nos supostos da súa aplicación.

5. PRAZOS DE PUBLICACIÓN DE LISTAXES DE ADMISIÓN CURSO 2024/2025

Tras a revisión da documentación presentada, procederase á baremación da mesma dacordo coas instrucións publicadas cada ano no DOG para a baremación das escolas infantís dependentes da Xunta de Galicia e Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, como aparece reflexado no ANEXO I.

Estímanse as seguintes datas de publicación:

- 13 de maio de 2024: Publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica da listaxe provisional de admitidos/as coas puntuacións obtidas e listaxe de agarda



- do 13 ao 21 de maio de 2024: Prazo de presentación de subsanación de documentación e reclamacións no Rexistro Xeral do Concello ou a través da sede electrónica.
- 3 de xuño de 2024: Publicación de lista definitiva de admitidos/as e listaxe de agarda no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica.
- 4 ao 30 de xuño de 2024: Matrícula nas dependencias da Escola Infantil Municipal.

6. LISTAXE DE AGARDA

Publicada a lista definitiva dos/das admitidos/as confeccionarase unha lista de agarda cos/as solicitantes excluídos, que seguirá a orde que resulte da baremación.

En función das baixas ou renuncias á praza que se produzan na escola infantil os nenos/as entrarán no servizo seguindo a orde na que figuren na listaxe.

7. CUSTES DA TENCIÓN EDUCATIVA E DO SERVIZO DE COMEDOR. COTA A PAGAR

1. Para a determinación do importe mensual do prezo, tomarase da Declaración do I.R.P.F. correspondente ao ano 2023 o importe dos ingresos totais de cada un dos membros da unidade familiar, que será calculado por agregación da base imponible xeral coa base imponible de aforro e segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Calcularase a renda per cápita familiar mensual referida ao IPREM do ano 2024 e se aplicará o prezo, tal e como se indica nas seguintes táboas, e de acordo o indicado no *“DECRETO 49/2012, de 19 de Enero por el que se aprueba el régimen de precios de las escuelas infantiles de 0-3 dependientes de esta consellería”*.

PREZOS ATENCION EDUCATIVA			
TRAMOS RENDA PER CAPITA MENSUAL	CUSTE EDUCATIVO		
<i>En función do indicador público de efectos múltiples (IPREM)</i>	ATENCION EDUCATIVA BONIFICADA XUNTA	ATENCION EDUCATIVA BONIFICADA CONCELLO	HORARIO AMPLIADO custe / hora
1. inferiores ó 30% do IPREM	0,00 €	169,26 €	21,16 €
2. Entre ó 30% e inferior ó 50% do IPREM	0,00 €	169,26 €	21,16 €
3. Entre ó 50% e inferior ó 75% do IPREM	34,91 €	134,35 €	21,16 €
4. Entre ó 75% e inferior ó 100% do IPREM	69,81 €	99,45 €	21,16 €
5. Entre ó 100% e inferior ó 120% do IPREM	112,13 €	57,13 €	21,16 €
6. Entre ó 125% e inferior ó 150% do IPREM	133,29 €	35,97 €	21,16 €
7. Entre ó 150% e inferior ó 200% do IPREM	147,05 €	24,21 €	21,16 €
8. Superior ó 200% do IPREM	169,26 €	0,00 €	21,16 €



PREZOS ATENCION COMEDOR		
TRAMOS RENDA PER CAPITA MENSUAL	CUSTE COMEDOR	
En función do indicador público de efectos múltiples (IPREM)	CUOTA COMEDOR FAMILIA	CUOTA COMEDOR BONIFICADA CONCELLO
1. inferiores ó 30% do IPREM	0,00 €	74,05 €
2. Entre ó 30% e inferior ó 50% do IPREM	17,45 €	56,60 €
3. Entre ó 50% e inferior ó 75% do IPREM	17,45 €	56,60 €
4. Entre ó 75% e inferior ó 100% do IPREM	26,45 €	47,60 €
5. Entre ó 100% e inferior ó 120% do IPREM	37,02 €	37,03 €
6. Entre ó 125% e inferior ó 150% do IPREM	52,89 €	21,16 €
7. Entre ó 150% e inferior ó 200% do IPREM	63,47 €	10,58 €
8. Superior ó 200% do IPREM	74,05 €	0,00 €

Descontos :

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

- Menores pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 %
- Menores pertencentes a familias monoparentais/monomarentales, desconto dun 20 %
- Menores pertencentes a familias en situación acreditada de vítima de violencia de xénero 20 %.
- Menores pertencentes a familias cunha renda per capa inferior a 7.500€/ano disfrutaran da exención de cuota a partir da segunda filla/o que acuda a mesmo centro educativo. *“DECRETO 91/2014, de 17 de julio por el que se modifica el DECRETO 49/2012, de 19 de Enero por el que se aprueba el régimen de precios de las escuelas infantiles de 0-3 dependientes de esta consellería”.*
- Menores en acollemento familiar con medidas administrativas de tutela ou garda disfrutaran da exención de cuota. *“DECRETO 91/2014, de 17 de julio por el que se modifica el DECRETO 49/2012, de 19 de Enero por el que se aprueba el régimen de precios de las escuelas infantiles de 0-3 dependientes de esta consellería”.*

8. REVISIÓN DOS INGRESOS- CUSTES DO SERVIZO

Ao longo do curso poderase revisar o prezo fixado inicialmente baixo petición expresa da familia a través de solicitude por rexistro de entrada no concello, nos seguintes casos:

- Modificación das circunstancias sociofamiliares, que determinan os descontos.
- Minoración dos ingresos en mais do 20% en cómputo anual respecto aos aplicados para o cálculo da cota. Esta variación deberá ter unha duración dun mínimo de tres meses para ser tomadas en consideración e xustificaranse coa presentación de nóminas, certificados de prestacións ou outros documentos que constitúan medios de proba da nova situación económica e que permitan un novo cálculo da renda per cápita da unidade familiar.



9. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

As familias teñen a súa disposición na Escola Infantil Municipal e na sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa, así como no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais o Regulamento de Réxime Interior, cuxa actualización está sendo tramitada.

ANEXO II-B

BAREMO RESOLUCION 11 DE MARZO DE 2024

Situación sociofamiliar:

1. Por cada membro da unidade familiar: 2 puntos.
2. Por cada persoa que non formando parte da unidade familiar estea ao cargo desta: 1 punto.
3. No caso de que o/a neno/a para o que se solicita a praza nacesse nun parto múltiple: 1 punto.
4. Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade ou enfermidade que requira internamento periódico: 2 puntos.
5. Pola condición de familia monoparental: 3 puntos.
6. Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais: 6 puntos.
7. Pola condición de familia numerosa: 3 puntos.
8. Cando a persoa solicitante sexa deportista de alto nivel ou de alto rendemento deportivo, ou teña a condición de adestradora, técnica, xuíz/a ou árbitro/a de alto nivel deportivo recoñecido pola Comunidade Autónoma de Galicia: 1 punto.
9. Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas: ata 3 puntos.

Situación laboral familiar:

- Criterios sobre a situación laboral e familiar:

a) Situación laboral de ocupación:

- Nai: 8 puntos.
- Pai: 8 puntos.

b) Situación laboral de desemprego (1):

- Nai: 2 puntos.
- Pai: 2 puntos.

c) Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga):

- Nai: 3 puntos.
- Pai: 3 puntos.

(1) Sobre a situación laboral de desemprego, valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao da publicación desta resolución.

No caso de familias monoparentais ou aquelas nas que o neno ou a nena conviva cunha soa persoa proxenitora adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.

Só se poderá obter puntuación por unha das epígrafes anteriores.



Situación económica:

Renda per cápita (RPC) mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

- Inferior ao 30 % do IPREM: +4 puntos.
- Do 30 % ou superior e inferior ao 50 % do IPREM: +3 puntos.
- Do 50 % ou superior e inferior ao 75 % do IPREM: +2 puntos.
- Do 75 % ou superior e inferior ao 100 % do IPREM: +1 punto.
- Do 100 % ou superior e inferior ao 125 % do IPREM: -1 punto.
- Do 125 % ou superior e inferior ao 150 % do IPREM: -2 puntos.
- Entre o 150 % e o 200 % do IPREM: -3 puntos.
- Superior ao 200 % do IPREM: -4 puntos.

- Están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivindo no mesmo domicilio, teñan ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.
- No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os proxenitores adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes da situación laboral familiar e da situación económica do baremo.
- No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.
- En caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes coa renda per cápita máis baixa e despois as de xornada completa sobre as solicitudes de media xornada.